

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DA INSTALACIÓN DE FONTANERÍA DO CENTRO DE SAÚDE DE SAN CRISTOVO DE CEA

San Cristovo de Cea, 11 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **don Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, CIF Q6550006H, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **don José Luis Valladares Fernández**, actuando en nome e representación do Concello de San Cristovo de Cea, CIF P3207700J, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e



control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

IV. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde de San Cristovo de Cea

V. Tal e como se pon de manifesto no orzamento achegado polo concello, o centro de saúde de San Cristovo de Cea require dunha actuación para o acondicionamento e mellora das súas instalacións de fontanería que se foron deteriorando co paso do tempo, polo que necesita que se realice unha reforma da instalación na planta baixa do centro de saúde, co obxectivo de mellorar a eficiencia, seguridade e funcionamento do sistema de subministración de auga.



Por todo o anterior, faise preciso esta intervención que busca mellorar a calidade do servizo de auga no centro de saúde, asegurando maior durabilidade, eficiencia enerxética e cumprimento das normativas sanitarias e de seguridade.


VI. O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública. O interese público, social e humanitario das actividades obxecto do convenio que se pretende asinar, e o seu carácter singular inherente á propia existencia da necesidade de atención sanitaria á poboación do concello, xustifican a non procedencia da realización de convocatoria pública.

VII. O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

A subvención que se outorga a través deste convenio incardínase dentro do obxectivo estratéxico 01.04.05, "Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxicamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente", previsto no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta en data 10.03.2022.

VIII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrència de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de San Cristovo de Cea para o financiamento das obras de reforma da instalación de fontanería do centro de saúde de San Cristovo de Cea, de titularidade municipal.

Segundo se detalla no orzamento achegado polo concello, as obras de reforma inclúen os seguintes traballos principais:

- Substitución da instalación de fontanería na planta baixa: substituirase toda a rede de tuberías de auga para garantir unha subministración adecuada e reducir posibles fallos ou fugas;
- Substitución das tuberías de ferro desde a cometida ata os puntos terminais; Instalación de novas tuberías en tubo multicapa no teito para distribución horizontal e en aceiro nas baixantes que levan a auga desde o teito aos puntos de consumo, para garantir a resistencia mecánica e durabilidade;
- Substitución do acumulador de ferro por un de aceiro inoxidable con capacidade de 200 litros, equipado con resistencia eléctrica de apoio para asegurar a continuidade do subministro de auga quente;
- Instalación de sistema de retorno de auga quente sanitario e termostatos: instalarase un sistema de retorno de auga quente sanitaria para minimizar os tempos de espera e perdas térmicas, xunto coa incorporación de termostatos para o control de temperatura do sistema, optimizando o consumo enerxético e asegurando o confort térmico.

Segunda. *Orzamento e financiamento das actuacións*

O orzamento das obras de reforma da fontanería no centro de saúde de San Cristovo de Cea, do 16 de maio de 2025 segundo se desprende do documento achegado polo concello, ascende a 13.677,82 €.



O Servizo Galego de Saúde financiará o 100 % das obras a realizar con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá no Servizo Galego de Saúde.

Terceira. Requisitos

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o concello cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

Cuarta. Compromisos do concello

O concello obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (Contratación, dirección e execución das obras de reforma no centro de saúde).
2. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante o Servizo Galego de Saúde, da execución da actividade subvencionada. Tamén se compromete a requirirlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
4. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo



Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

5. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

Quinta. *Compromisos do Servizo Galego de Saúde*

O Servizo Galego de Saúde financiará o 100 % das obras a realizar, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, na que existe crédito axeitado e suficiente, e co seguinte importe: 13.677,82 €.

Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.

Sexta. *Xustificación e pagamento*

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Trala sinatura do convenio e, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cando o investimento esixa pagos inmediatos, poderase realizar un pago anticipado por importe máximo



The image shows a handwritten signature in blue ink on the left. To its right are two circular official seals. The first seal is from the 'CONSELLERÍA DE SANIDADE' (Health Department) and features a caduceus symbol. The second seal is from the 'CONCELLO DE SAN CRISTÓBAL DE LEA (Ourense)' (Municipality of San Cristóbal de Lea, Ourense) and features a coat of arms with a crown and a shield.

do 50% da subvención concedida. A tal fin, o concello achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Contrato asinado coa empresa contratista.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O concello xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

O período subvencionable será dende o día da sinatura do convenio ata o día 10 de decembro de 2025. A data límite para a xustificación destes gastos será o 11 de decembro de 2025.



No caso de que o gasto xustificado polo concello non acadase o orzamento total previsto na cláusula segunda, o Servizo Galego de Saúde só alcanzará o importe efectivamente xustificado.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local beneficiaria estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.





Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas polo Servizo Galego de Saúde, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos que esgotan a vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición



ante este mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e/ou interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co artigo 46 da citada Lei 29/1998.





De ser o caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Oitava. *Natureza do convenio*

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Novena. *Compatibilidade*

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



Décima. *Revogación, reintegro e resolución*

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.





Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de resolución, ademais das previstas legalmente no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables as partes. Así mesmo será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

Décimo primeira. *Publicidade*

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. A Consellería de Sanidade, mediante Resolución, dará publicidade no DOG ao Convenio suscrito con indicación do importe da axuda concedida.

Así mesmo, o contratista está obrigado a subministrar ao órgano de contratación, previo requirimento toda a información necesaria para o cumprimento por aquel das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, coas consecuencias que se poidan derivar no caso de incumprimentos, nor termos establecidos no artigo 4.4 da dita lei.



En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Decimo segunda. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2025.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

Polo Concello de San Cristovo de Cea



José Luis Valladares Fernández